

As escritoras protagonizan os cambios na directiva da AELG

Cinco mulleres entran no novo consello, con Anna R. Figueiredo como vicepresidenta. Substitúe a Rosalía Fernández Rial, que pasa a ocuparse da sección de Novos Proxectos. Cilha Lourenço asume a secretaría que exercía Mercedes Queizas. Montse Fajardo, Antía Yáñez e Beatriz Maceda entran como vogais.



Antía Yáñez, Beatriz Maceda, Montse Fajardo, Anna R. Figueiredo e Cilha Lourenço, da directiva da AELG. (Foto: Nós Diario)

Coa saída de Carlos Quiroga e Mercedes Queixas Zas, a **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega** asume algunhas reestruturacións na súa Xunta Directiva, na que entran cinco novas mulleres: **Anna R. Figueiredo, Montse Fajardo, Antía Yáñez Beatriz Maceda e Cilha Lourenço**. Esta última asume, ademais, as responsabilidades de Queixas na secretaría.

Figueiredo explica que ao tratarse dun "exercicio de voluntariado", pois non perciben ningunha remuneración, son precisas **máis persoas para repartir un traballo** que nestes tempos semella aínda máis desafiante.

"A Covid-19 obríganos a repensar as propostas en todas as dimensións, tamén na cultura", comenta apuntando, por exemplo, as **dificultades para organizaren presentacións e charlas** -unha parte fundamental do seu traballo- co dixital sempre no horizonte.

"Todo vai moi rápido", expón, "ou tes medios humanos ou escápaseche entre as mans". Fajardo, que asume a vogalía por Pontevedra "sorpresa e honrada", explica ademais que **a situación, sempre complexa para a literatura galega, se agrava economicamente coa pandemia** ao non poder facer estes actos e dificultar a difusión e outros ingresos derivados deles. Neste senso, agradece "o esforzo da AELG por manter as actividades".

Novos formatos

Precisamente nesta vontade de revisar formatos e adaptarse a uns tempos de crecente peso, forzado, do virtual, **Rosalía Fernández Rial**, a anterior vicepresidenta, abandona o cargo para exercer como vogal de Novos Proxectos.

Neste senso, traballa nunha proposta que non tardará en ver a luz na que se contemplan voces novas e medios de creación e de comunicación innovadores. E é que **este contexto "pide novos formatos", di Figueiredo**.

Yáñez asume a tesouraría da organización, así como a vogalía na Coruña. Residente en Cambre, agarda poder **axudar a "dar un pulo" ás actividades na súa área**, ao centrarse estas na zona de Vigo coas grandes editoriais radicadas alí.

A súa compañeira como representante coruñesa, Maceda, sinala a vontade de contribuír a "progresar no coñecemento da lingua e cultura galega", algo que para ela resume a función da asociación.

O foco na educación

Figueiredo estará tamén **centrada na área de Ensino e Literatura**, un eido que coñece de primeira man. Neste senso, sinala o obxectivo fundamental de conseguir unha "comunicación máis fluída" do labor das escritoras coa sociedade, en especial nas escolas.

"Imos costa baixo e sen freos", asegura Figueiredo, en grande medida referíndose aos efectos do Decreto do Plurilingüismo

Adianta así outra **iniciativa que verá a luz entre finais deste ano e comezos de 2021**, co apoio do Concello e da Deputación da Coruña: "Un diálogo cos traballos de autoras e autores en voga para introducir nas aulas". Isto responde ás preocupacións pola escasa presenza do galego entre o alumnado.

"Imos costa baixo e sen freos", asegura, en grande medida referíndose aos efectos do Decreto do Plurilingüismo. Ela, docente, coñece ben esta realidade e admite "temer un novo confinamento", con todas as adaptacións que implica, a unha velocidade "que non che deixa respirar".